



A Xunta constitúe o Consello Autonómico de Emprego, un órgano froito do diálogo social para reforzar as políticas laborais

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a creación e posta e marcha desta ferramenta que integrará as achegas de Xunta, axentes sociais e empresariais



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou a programación do seu departamento dirixida á mocidade

A programación de Xuventude, que chegará este ano a 190.000 mozos e mozas, centrarase en fomentar a participación e a mobilidade



Beatriz Mato participou na LII Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais



Aberto o prazo para solicitar praza nas 142 escolas infantís da Rede Galiña Azul da Xunta

Sumario	Diálogo social	2-3	Política Social	9-11
	Formación e emprego	4-6	Xuventude e voluntariado	12-13
	Cooperativismo	7	Normativa	14-17
	Seguridade e saúde laboral	8	Publicacións	18

Créditos	Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación:	Pepa Dabán Royo
	Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de febreiro un total de 274.675 persoas desempregadas

Diálogo social

A Xunta constitúe o Consello Autonómico de Emprego, un órgano froito do diálogo social para reforzar as políticas laborais

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a creación e posta e marcha desta ferramenta que integrará as achegas de Xunta, axentes sociais e empresariais
- ▶ A titular do departamento autonómico destaca que esta canle dotará as decisións e medidas en materia laboral “dunha maior amplitude de miras e transversalidade”
- ▶ Asegura que o obxectivo é dotar “dunha maior solidez, estabilidade e sostibilidade” o tecido laboral galego e tamén os traballadores e traballadoras
- ▶ Lembra que os consellos provinciais de emprego xa están constituídos e en breve estarán os comités territoriais para garantir a máxima adaptación das políticas de emprego a cada territorio



Santiago, 6 de febreiro de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de constituír e poñer en marcha o Consello Autonómico de Emprego, un órgano que se crea froito dun acordo adoptado no seo do diálogo social entre patronal, sindicatos e Xunta para reforzar as políticas en materia laboral co obxectivo de dotar dunha maior “solidez, estabilidade e sostibilidade” o tecido laboral en xeral e os traballadores e traballadoras en particular.

Así o destacou a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, quen presidiu a constitución desta nova canle para a posta en común das necesidades e oportunidades de Galicia en materia de emprego. Mato incidiu en que esta ferramenta servirá para integrar as achegas de todos os axentes que participan no mercado laboral. “Dotaremos, polo tanto, as nosas decisións e medidas dunha maior amplitude de miras e

transversalidade”, subliñou.

A conselleira de Traballo fixo fincapé en que o Consello Autonómico de Emprego será “unha fórmula transparente, austera e eficiente” para colaborar na posta en marcha de políticas activas de emprego.

O Consello Autonómico de Emprego está composto por representantes da Consellería de Traballo e Benestar; das organizacións empresariais e das sindicais. Entre as súas funcións, cabe destacar que colaborará no deseño dos criterios de actuación do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG); e informará sobre a planificación das políticas activas de emprego.

Tamén se encargará de emitir informes sobre a memoria anual do SPEG; e coñecerá con carácter previo os anteproxectos de lei ou proxectos de normas regulamentarias. Todo isto, ademais das funcións que resulten propias da

súa condición de órgano consultivo. Reunirase semestralmente ou cando o convoque a persoa titular da presidencia (a persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar), tanto por iniciativa propia como por solicitude da metade dos seus membros.

A iniciativa dá cumprimento ao decreto aprobado a finais de 2011 polo Consello da Xunta, polo que se crea en Galicia o Consello Autonómico de Emprego, xunto cos consellos provinciais e os comités territoriais de emprego. Estes configúranse como órganos colexiados, de carácter consultivo, que se encargarán de funcións de asesoramento en materia de emprego. Estarán adscritos á Consellería de Traballo e Benestar.

Sobre os consellos provinciais, Mato apuntou que xa están constituídos e que os comités territoriais crearanse en breve, antes de que remate o mes de abril.

Consello provincial

Os consellos provinciais de emprego e os comités territoriais garantirán a máxima adaptación das políticas activas de emprego a cada territorio, para o estudo das súas potencialidades nesta materia. “Son vías imprescindibles para nutrir coas propostas e contidos sobre os que imos traballar”, incidiu a conselleira.

Estes órganos ocuparanse de facer o seguimento da aplicación, a nivel provincial, dos acordos do Consello Autonómico de Emprego; de formular propostas e recomendacións sobre a situación e desenvolvemento do emprego na provincia; de analizar a información e os informes sobre o emprego nese ámbito territorial; así como de emitir informes sobre a programación das distintas medidas das políticas activas de emprego cando estas sexan competencia das xefaturas

territoriais. As reunións dos consellos provinciais serán trimestrais, tras a convocatoria da presidencia.

Comités territoriais

O decreto establece a creación de 16 comités territoriais de emprego que abarcarían as seguintes zonas: Lugo-Norte; Lugo-Centro; Lugo-Sur; Ferrol-As Pontes; A Coruña- Bergantiños; Cee-Boiro; Santiago-Ordes; Betanzos-Melide; Pontevedra interior; Pontevedra-centro; Vigo; Pontevedra sur; Ourense noreste; Ourense sureste; Ourense noroeste; e Ourense suroeste.

As funcións destes comités territoriais estarán centradas en formular iniciativas aos consellos provinciais correspondentes sobre a situación do emprego no seu ámbito territorial, ao tempo que se encargarán tamén de analizar a información sobre o mercado laboral do territorio, así como da aplicación das políticas activas de emprego na zona.

Estes comités estarán compostos por representantes da Administración autonómica; das organizacións empresariais; das sindicais; así como tamén dos concellos. A presidencia será rotatoria —cunha vixencia anual— entre as organizacións empresariais, as sindicais e os concellos. As súas reunións serán trimestrais.



O programa ‘Empregatex’ permitiu a orientación de máis de 500 persoas e a inserción laboral dun total de 200

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, fixeron hoxe un balance deste proxecto dirixido a traballadores desempregados do sector téxtil
- ▶ Beatriz Mato indicou que o 39,6% dos participantes acadou a súa inserción laboral, unha porcentaxe que se prevé aumentar antes de que remate a iniciativa
- ▶ O proxecto ‘Empregatex’ é unha das primeiras actuacións consensuada dentro do seo do diálogo social



Santiago, 1 de febreiro de 2012.- Un total de 200 traballadores e traballadoras galegos atoparon un novo emprego grazas ao programa ‘Empregatex’, posto en marcha pola Xunta de Galicia para axudar as persoas desempregadas do sector téxtil na súa

inserción laboral. Ademais, permitiu a orientación laboral de máis de 500 persoas do sector.

Así o indicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, que, xunto ao conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, fixo o balance deste

programa que comezou en febreiro de 2010 e conta cun orzamento de 2,9 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Europeo de Adaptación á Globalización.

Beatriz Mato salientou que, deste xeito, o 39,6% dos participantes acadou a súa inserción laboral, unha porcentaxe que se prevé aumentar antes de que remate o proxecto, neste mes de febreiro, se ben destacou o nivel conseguido tendo en conta que son persoas cun perfil de inserción difícil: o 86% das participantes eran mulleres, o 39,5% con idades comprendidas entre os 40 e os 49 anos, e o 54% con estudos primarios.

Así mesmo, subliñou a ampla cobertura deste programa, posto que nel participaron máis de 500 persoas dun total de 626 que foron localizadas como afectadas pola destrución de emprego no sector durante a etapa de difusión do proxecto.

Mato salienta a importancia dos 29 acordos acadados no seo do diálogo social en Galicia para afrontar a situación económica

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, puxo en valor o diálogo entre sindicatos, patronal e Administración para adoptar medidas que reforsen a economía galega
- ▶ Lembrou que os acordos céntranse en diversos eidos: o económico e o social; así como nos sectores estratéxicos e na adopción de medidas de carácter laboral

Santiago, 1 de febreiro de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, salientou a importancia dos 29 acordos acadados no seo do diálogo social -15 asinados en xullo de 2010 e 14 novos acordos ratificados no mes de xaneiro- para afrontar a actual situación económica no ámbito da Comunidade Autónoma.

Así o puxo en valor a titular do departamento autonómico no transcurso dunha entrevista na Televisión de Galicia. Neste sentido, apuntou a importancia de chegar a medidas de consenso entre sindicatos, patronal e Administración, co fin de que sexan efectivas, e lembrou que este é o “camiño a seguir” en Galicia desde o comezo da lexislatura.

Mato destacou que os 29 acordos asinados abarcan diversos eidos de relevancia para reforzar a Galicia de cara á saída desta crise. Entre eles, fixo fincapé nas actuacións acadadas

no ámbito económico e no social; así como no reforzamento dos sectores estratéxicos e nas diferentes medidas laborais.

Precisamente, con respecto ás actuacións en materia laboral, a conselleira destacou o acordo referido ao estímulo da contratación, que contén unhas actuacións dirixidas especialmente aos colectivos máis desfavorecidos pola crise como son os menores de 30 anos, ou os parados de longa duración ou en risco de exclusión.

Referíuse, así, a un dos programas pioneiros, pactados no diálogo social, que baixo a denominación de “Forcon” está dirixido a mozos e mozas sen cualificación. Neste programa, os participantes obterán formación certificable e, unha vez rematada esta parte, comezarán unha fase de experiencia laboral en empresas relacionadas co mesmo sector da formación.

Por outra banda, a conselleira

- ▶ Fixo especial fincapé nas actuacións de estímulo da contratación para os colectivos máis desfavorecidos, como os menores de 30 anos ou os parados de longa duración
- ▶ Recordou que a Xunta puxo en marcha máis de 2.100 prazas públicas de escolas infantís no que vai de lexislatura, e adiantou que se crearán 1.000 máis este ano

tamén explicou que o segundo programa pioneiro de estímulo á contratación —o “Emporfor”— permitirá que desempregados de longa duración, que esgotasen as súas prestacións, maiores de 45 anos ou perceptores da RISGA compatibilicen un contrato a tempo parcial do 70 por cento da xornada laboral, co compromiso de asistir o 30 por cento restante a programas de orientación e formación.

Neste ámbito, salientou tamén que no eido da contratación os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia pactaron tamén o estímulo da contratación indefinida parcial co fin de fomentar o emprego.

Escolas infantís

Xa no eido social, Mato referíuse á creación de prazas de escolas infantís. No que vai de lexislatura, puxéronse en marcha máis de 2.100 prazas públicas, ás que se sumarán outras 1.000 ao longo deste ano.

A conselleira aclarou tamén que o modelo da externalización é unha modalidade recollida na Lei de servizos sociais de Galicia, aprobada en 2008, e que é utilizada por “numerosos concellos e entidades” á hora de prestar servizos públicos. “As prazas serán públicas e os prezos serán públicos”, subliñou a conselleira.

Con respecto ao novo decreto de prezos das escolas infantís, apuntou que esta reforma non afectará “de ningún modo” a preto do 50 por cento das familias usuarios da rede pública, xa que se sitúan nos tres primeiros tramos de renda —ata os 1.200 euros familiares— e, nestes tramos, “os usuarios non afrontarán ningunha subida, nin a do IPC acumulado desde hai 10 anos”. Ademais, concretou que os aumentos se concentran principalmente no servizo do comedor, un servizo que é voluntario e complementario.

Formación e emprego

TLII Conferencia Sectorial de Emprego



Beatriz Mato participou na Conferencia Sectorial de Emprego

Madrid, 27 de febreiro de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na LII Conferencia Sectorial de Emprego que se celebrou na sala Oval do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, explicou ás comunidades autónomas a Reforma Laboral durante a reunión da LII Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Entre os asuntos previstos na orde do día, Báñez presentoulles un Informe sobre as liñas xerais do Plan Anual de Política de Emprego para o exercicio 2012 e deu conta da situación dos Centros Especiais de Emprego.

A secretaria de Estado de Emprego, Engracia Hidalgo, subliñou o acordo maioritario das Autonomías de que esta reforma se fixo pensando nos maiores de 45 anos, nos mozos, nas pequenas e medianas empresas e no emprego dos colectivos máis necesitados.

Por outro lado, Hidalgo fixo referencia a que durante a reunión se falou do Plan de Emprego, para reducir a taxa de desemprego nos mozos, acentuar a colaboración público-privada das empresas de colocación e aos colectivos de desempregados de longa duración. O plan levarase a Consello de Ministros, unha vez aprobados os presupostos xerais do Estado.

A conselleira de Facenda subliña que as medidas na Administración galega son “oportunas e imprescindibles”

- ▶ Elena Muñoz Fonteriz presentou no Parlamento galego o proxecto de Lei de medidas temporais en determinadas materias do emprego público
- ▶ Salienta que permitirán manter os servizos públicos esenciais sen tocar as retribucións dos empregados públicos
- ▶ A titular de Facenda subliña que o Goberno galego está a manter o Estado do Benestar pese á caída dos ingresos de 2.500 millóns de euros, a niveis de 2005
- ▶ Lembra que a redución de altos cargos e persoal de gabinete permitirá un aforro esta lexislatura de case 30 millóns de euros.

Santiago, 28 de febreiro de 2012.- A conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, resaltou que os aspectos recollidos no proxecto de Lei de medidas temporais en determinadas materias do emprego público son “oportunos e imprescindibles”, ademais de ser os máis favorables dos que se teñen adoptado noutras comunidades autónomas.

Na presentación deste texto no pleno do Parlamento galego, Muñoz Fonteriz salientou que estas medidas permitirán seguir mantendo a prestación dos servizos públicos esenciais e non tocar as retribucións dos empregados públicos galegos, algo que si fixo o anterior Goberno central e que tamén acometeron diferentes autonomías.

Así, a titular de Facenda explicou que estas medidas temporais, que se revisarán en 2014 e permitirán un aforro duns 80 millóns de euros ao ano, buscan a eficiencia na prestación dos servizos públicos, xa que non afectan á súa calidade, e o incremento da produtividade dos recursos humanos da Administración autonómica.

Elena Muñoz Fonteriz indicou que o Goberno galego ten que tomar medidas con rapidez e anticipándose á perda de ingresos da comunidade. Por iso, explicou que as actuacións do proxecto de lei refírense a situacións que non son sostibles nos momentos actuais se se quere manter o nivel retributivo dos empregados públicos galegos, xa que o capítulo de gastos de persoal supera o 40% dos orzamentos.

Aforro coa redución de altos cargos e persoal de gabinete

A conselleira lembrou que o Goberno galego xa conseguiu un aforro anual superior aos 7 millóns de euros, que serán de case 30 cando remate a lexislatura, cunha redución do 36% no gasto en altos cargos e un 32% no de persoal de gabinete.

Así, reivindicou que Galicia xa ten parte do traballo feito, posto que desde o primeiro momento este Goberno foi consciente da necesidade de que a comunidade se puidese adaptar á crise económica. Desta forma, sinalou que se iniciaron a tempo políticas de contención do gasto non produtivo e de austeridade, que teñen contribuído a que esta comunidade estea a cumprir co obxectivo de estabilidade e de déficit público, a pesar do incumprimento do sistema de financiamento autonómico por parte do anterior Executivo central.

Nesta liña, o texto que presentou a conselleira de Facenda recolle unha autorización ao Consello da Xunta para adecuar, conforme a criterios obxectivos, os conceptos retributivos e as percepcións económicas de calquera natureza, como dietas e gastos de desprazamento, dos órganos de goberno e persoal directivo de todos os entes instrumentais do sector público autonómico galego.

Elena Muñoz Fonteriz reafirmou que a aposta deste Goberno polo mantemento e mellora dos servizos públicos nunha época de crise é factible mediante un profundo exercicio de eficiencia e optimización do gasto. Neste senso, subliñou que o Executivo autonómico está a manter o Estado do benestar pese á caída de ingresos de 2.500 millóns de euros, ata niveis do ano 2005.



Xunta e Inspección de Traballo colaborarán nunha campaña para intensificar o control dos expedientes de regulación de emprego

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a Comisión territorial da Inspección de traballo e seguridade social de Galicia, onde se aprobaron os obxectivos para o ano 2012
- ▶ Esta programación nace dunha “análise rigorosa, que foi perfilada coas administracións e os distintos axentes sociais”
- ▶ A nova campaña de seguimento dos ERE centrarase nos de suspensión da actividade e de redución da xornada
- ▶ Tamén se continuará realizando un seguimento intensivo das condicións de seguridade no traballo, a prevención de riscos laborais, ou a loita contra a discriminación e o emprego irregular



Santiago, 22 de febreiro de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar e a Inspección de Traballo (dependente do Estado) colaborarán nunha campaña para intensificar o control e seguimento dos Expedientes de regulación de emprego, de suspensión

e redución de xornada.

Este é un dos obxectivos marcados no programa de actuacións do ano 2012 da Inspección de traballo e seguridade social. Este plan foi aprobado na xuntanza da Comisión territorial que tivo lugar en Santiago de Compostela,

e que foi presidida pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato.

A planificación para este ano nace dunha “análise rigorosa, que foi perfilada polas administracións e os distintos axente sociais”, explicou Mato. As metas fixadas reflicten o “esfuerzo coordinado” entre a Xunta e o Goberno central, e teñen como fin conseguir unha “maior eficiencia” nas actuacións. “É unha prioridade absoluta vixiar o estrito cumprimento da legalidade e velar pola seguridade dos dereitos dos traballadores”, asegurou.

A programación de obxectivos para cada ano apróbase entre as dúas administracións e a Xunta propón actuacións determinadas ou campañas específicas para incluír nela, como é neste caso a do seguimento dos ERE. A finalidade desta actuación é ser “moi estrito co cumprimento das condicións acordadas nos ERE de suspensión da actividade ou redución da xornada”, explicou a titular do departamento autonómico na reunión.

Ademais desta novidade, acordouse incluír na programación outras novas actuacións, dar continuidade a certos obxectivos, e mesmo intensificar determinadas actuacións. Todas estas iniciativas teñen como finalidade seguir

outorgando un “carácter prioritario” ás condicións de seguridade no traballo e á prevención de riscos.

Deste xeito, por exemplo, iniciárase unha campaña de comprobación de riscos musculoesqueléticos no eido da prevención de riscos laborais. Tamén se acordou dar continuidade a accións como os plans de vixilancia específica no sector da construción e pesqueiro, así como a campaña en grandes obras que se están realizando en Galicia

Ao mesmo tempo, reforzase a “loita contra a discriminación por razón de sexo ou outro motivo”. En concreto, intensifícaranse as accións en favor da igualdade efectiva entres homes e mulleres.

Cabe salientar, ademais, que en consonancia co previsto no decreto 3/2012 do 10 de febreiro de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, se aumentará o control do fraude e a loita contra o emprego irregular.

En definitiva, segundo resumiu a conselleira, os obxectivos fixados responden a un “firme compromiso por fomentar a seguridade e saúde laboral, protexer os dereitos dos traballadores, combater o fraude e facer fronte á discriminación”.

A nova orde dos plans de cooperación cos concellos permitirá axilizar a concesión das axudas e a contratación dos grumir

Santiago, 16 de febreiro de 2012.- A nova orde dos plans de cooperación cos concellos permitirá axilizar a contratación das persoas desempregadas a través da introdución de distintas novidades para facer máis efectiva a súa tramitación, entre as que destaca a tramitación electrónica do proceso de solicitude, que permitirá adiantar a concesión das axudas. Ademais esta orde establece a contratación anticipada dos membros non permanentes dos GRUMIR que se financian a través desta convocatoria.

Así llo trasladou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, ao

presidente da Federación galega de municipios e provincias (Fegamp), José Manuel Rey, no transcurso da primeira xuntanza institucional que mantiveron co fin de avaliar temas de interese, tanto para o departamento autonómico como para os concellos galegos.

No que se refire á orde dos plans de cooperación, Mato lembrou que esta convocatoria permite cada ano que os concellos contraten traballadores e traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral.

Outras das novidades que

destacou a conselleira é que se introducirá, por primeira vez, a obriga de establecer unha vinculación directa entre este programa e o acceso a un emprego no mercado ordinario de traballo para os participantes.

Isto quere dicir, segundo precisou a titular do departamento autonómico, que os concellos teñen que comprometerse a procurar a inserción laboral “dun tanto por cento razoable dos traballadores que contraten a través destes programas”. Esta porcentaxe delimitarase en función do número de contratacións que se subvencionen.

Pola súa banda, o presidente da

Fegamp valorou positivamente a posta en marcha dun sistema que permita axilizar as contratacións, tanto as referidas aos Grumir como para o resto de áreas de interese para os concellos.



Beatriz Mato, e o presidente da Federación galega de municipios e provincias (Fegamp), José Manuel Rey

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de febreiro un total de 274.675 persoas desempregadas

Santiago, 2 de marzo de 2012.- Galicia pechou o mes de febreiro cun total de 274.675 persoas desempregadas, o que supón un aumento en termos relativos do 1,25 por cento con respecto ao mes anterior.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou que o aumento rexistrado en Galicia no mes de febreiro, pese a ser un dato "negativo" en tanto é un incremento, é a metade do que subiu a media do Estado, isto é, un 1,25 por cento fronte ao 2,44 por cento estatal.



Así, no Estado o desemprego aumentou en 112.269 persoas e rexistráronse incrementos en todas as comunidades autónomas, agás en dúas. Deste xeito, das 15 comunidades onde aumenta o paro, Galicia é onde menos sube en termos relativos.

Segundo concretou a directora xeral, nos datos reflíctense que o principal aumento concéntrase no sector servizos, especialmente nos eidos do hostalería e comercio. De feito, o incremento do desemprego no sector servizos representa o 62 por cento do total.

Fixo fincapé tamén en que o maior incremento por sectores, en termos relativos, foi o rexistrado no colectivo sen emprego anterior (+1,84 por cento), o que supón que eran persoas que non estaba traballando polo que non significa destrución de postos de traballo.

Díaz López sinalou tamén que se segue a rexistrar certa contención da destrución de emprego a nivel interanual. Así, por exemplo, o dato rexistrado entre febreiro de 2008 e 2009 foi dun incremento de 44.742 persoas, polo que se reduce practicamente á metade, xa que en Galicia este aumento foi de 26.396 desempregados.

Tomando como referencia o paro por sectores, o desemprego aumentou en todos eles, agás na agricultura e pesca. O principal incremento en termos absolutos rexistrouse no sector servizos (+2.120); seguido pola construción (+545); o colectivo sen emprego anterior (+517); e a industria (+234). Finalmente, na agricultura e a pesca, o desemprego descendeu en 25 persoas.



Cooperativismo

Traballo destinará preto de 3,2 millóns de euros para fomentar o cooperativismo e a economía social

- O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, inaugurou na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) unha xornada sobre axudas ao cooperativismo e economía social, a Rede Eusumo e o proxecto Coopera +
- Destacou que a Xunta investirá uns 2,7 millóns de euros no programa do fomento do emprego en empresas de economía social e promoción do cooperativismo
- Tamén apuntou que existe unha liña de axudas, dotada con máis 400.000 euros, para financiar as actividades que leven a cabo concellos e entidades locais para difundir esta fórmula profesional
- Estímase que se beneficiarán desta orde de axudas preto de 280 cooperativas e unhas 20 agrupacións de concellos
- O investimento total destinado a cooperativismo e economía social en 2012 ascenderá a máis de seis millóns de euros

Santiago, 9 de febreiro de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará preto de 3,2 millóns de euros entre 2012 e 2013 a dúas liñas de traballo de promoción e fomento do cooperativismo, en tanto é unha fórmula que está a amosar unha especial resistencia á crise económica. Así o destacou o director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, na inauguración na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) dunha xornada sobre axudas ao cooperativismo e economía social e a Rede Eusumo e o proxecto Coopera +.

Martiñá destacou que o primeiro dos proxectos, cun orzamento de 2,7 millóns de euros, se refire á orde para fomentar o emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo. Este programa ten como fin promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de

economía social; apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización deste tipo de empresas; e, en xeral, promover o cooperativismo.

Para avanzar nestes obxectivos, a orde recolle un total de cinco aspectos que inciden nestes ámbitos: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais; mellora da competitividade; impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica; fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a; e actividades de promoción do cooperativismo.

No eido do fomento do emprego, cabe salientar que se ofrecen axudas que facilitan a incorporación das persoas desempregadas como socios e socias traballadores/as nas cooperativas ou sociedades laborais. Ao mesmo tempo, estes programas tamén regulan axudas para impulsar proxectos empresariais cooperativos, mesmo na fase

previa á súa constitución formal. Faise, ademais, un especial fincapé nos procesos de asesoramento e de acompañamento das novas iniciativas.

Prevese que, de cara a 2012, poidan ser beneficiarios destas axudas preto de 280 cooperativas.

Axudas a entidades locais

A segunda liña de axudas á que se referiu o director xeral de Relacións Laborais conta cun orzamento que supera os 400.000 euros. Trátase da orde de axudas, dirixidas a concellos e outras entidades locais para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo.

Dentro desta iniciativa, Martiñá resaltou a especial importancia que teñen as subvencións para promover a creación de oficinas de fomento cooperativo, "o que permite consolidar proxectos de economía social grazas ao maior apoio e seguimento que prestará este servizo", subliñou. De feito, incidiu en que na orde de 2012, refórzase o apoio a estas oficinas.

Outra novidade destacable é que estas axudas estarán dirixidas, a partir deste ano, aos concellos que se presenten a través dunha área metropolitana, dunha mancomunidade ou dun consorcio local; ou ben aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona e que presenten un proxecto conxunto formado por unha agrupación de catro concellos como mínimo.

Estímase que serán unhas 20, as agrupacións de concellos beneficiarias destas axudas.

Máis de 6 millóns en 2012

Por último, o responsable do departamento autonómico apuntou que estas actuacións se inscriben dentro da aposta que está a realizar a Consellería de Traballo e Benestar para promover o cooperativismo. En concreto, afirmou que en 2012 destinará un investimento de máis de 6 millóns de euros a este obxectivo.

Este financiamento distribúese en distintos programas como pode ser a creación da rede "Eusumo" de asesoramento no ámbito da economía social; ou o proxecto de difusión do cooperativismo na escola, que se encarga de informar e formar os alumnos de últimos cursos de formación profesional das posibilidades do cooperativismo. Tamén se teñen posto en marcha programas de fomento do I+D+i nas cooperativas; ou a iniciativa Coopera + para promover o cooperativismo na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal; así como o programa de actuación xunto coas asociacións de cooperativas e entidades da economía social para a promoción do cooperativismo.

Na actualidade, existen en Galicia 1.141 cooperativas activas formadas por máis de 20.000 socios.



Seguridade e saúde laboral

O ISSGA contabiliza 1.244 casos de enfermidades profesionais en 2011, das que 682 foron con baixa

- ▶ No terceiro cuadrimestre do 2011 foron comunicados ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) un total de 299 partes de enfermidades profesionais, dos que 144 foron con baixa
- ▶ Os sectores da industria e dos servizos son os que rexistraron máis partes de enfermidades profesionais, con 628 e 495 casos, respectivamente
- ▶ Por provincias, o maior número de partes rexístrase en Pontevedra, onde se notificaron 591, deles 302 cursaron baixa
- ▶ Na Coruña houbo 454 comunicacións, delas houbo 255 con baixa. En Ourense rexistráronse 138 partes, dos que 86 foron con baixa. E en Lugo houbo 61 casos, 39 deles con baixa

Santiago, 19 de febreiro de 2012.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) rexistrou un total de 1.244 partes de enfermidades profesionais ao longo de 2011, dos que 682 foron con baixa. Por sexos, 661 dos afectados eran homes e 583 mulleres.

O ISSGA, como órgano técnico en prevención de riscos laborais, desenvolve unha liña de actuación sistematizada para o estudo estatístico da incidencia das enfermidades profesionais en Galicia e a investigación das súas causas.

Os sectores da industria e dos servizos son os que rexistraron máis partes de enfermidades profesionais. Na industria producíronse 628 casos e nos servizos 495, seguidos da construción, que rexistrou 100 partes; da agricultura, con 11 partes; e da pesca, con 10 casos. No sector servizos, as notificacións afectan en maior grao ao colectivo feminino e no caso das rexistradas nos demais sectores ao masculino. En todos os sectores, as patoloxías detectadas maioritarias son provocadas por axentes físicos.

http://www.issga.es/arquivos/publico/novas/nova_20120220100807.pdf



Máis de 2.500 persoas formaranse en 28 xornadas técnicas organizadas polo Issga ao longo do 2012

- ▶ A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, presentou en rolda de prensa as actividades formativas do Instituto para 2012
- ▶ En 2012 están programadas 28 xornadas técnicas e 12 cursos presenciais, ademais doutros específicos na Aula Virtual en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude ou a Consellería de Medio Rural e do Mar
- ▶ Un total de 2.390 persoas participaron nas 26 xornadas técnicas organizadas polo ISSGA en 2011 e formouse a case 500 persoas nos cursos básicos presenciais, tamén se desenvolveron outros 500 cursos da Aula virtual

Santiago, 17 de febreiro de 2012.- Máis de 2.500 persoas porán formarse en 28 xornadas técnicas programadas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, para 2012, que abarcan as distintas especialidades preventivas (seguridade, hixiene, ergonomía e psicoloxía, e medicina no traballo), das cales 9 serán no centro da Coruña, 7 no de Ourense e 6 nos de Lugo e Pontevedra.

A directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torroja, presentou en rolda de prensa as actividades formativas previstas para 2012 polo Instituto e fixo balance das do 2011. Entre as que se desenvolverán este ano, destaca a que se dedicará á prevención e seguridade no sector forestal, que completa o programa específico para este sector que se presentará proximamente; o dedicado ao risco ergonómico; a presentación en Galicia das guías técnicas de construción e simplificación documental; ou á integración do xénero da prevención de riscos laborais.

http://www.issga.es/html/public/campanas_detalle.php?campana=26



Ademais, este ano terán lugar 12 cursos nos catro centros provinciais dirixidos a empresarios, traballadores autónomos ou por conta allea, traballadores designados e delegados de prevención.

Adela Quinzá-Torroja engadiu que a Aula virtual do ISSGA imparte en liña varias edicións do curso básico de prevención de riscos laborais de 50 horas, que corresponde ao contido mínimo do programa de formación para o desenvolvemento das funcións de nivel básico, engadindo 10 horas máis cun módulo sobre prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero.

Segundo explicou a directora, este ano faranse cursos específicos en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude para monitores de tempo libre; coa Consellería de Medio Rural e do Mar e os sindicatos agrarios sobre contidos específicos en actividades formativas para docentes; coa Administración local para achegar a prevención aos responsables municipais ou coa Academia Galega de Seguridade para impartir formación en materia policial.

Política social

A Xunta pon en marcha o primeiro decálogo de dereitos das persoas maiores de Galicia

- ▶ A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, presidiu unha xuntanza na que presentou o texto definitivo ás entidades e asociacións que tomaron parte na súa elaboración
- ▶ Este documento está enmarcado no Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013, que inclúe como o seu primeiro núcleo de acción a “promoción de valores e protección de dereitos”
- ▶ Este decálogo difundirase a través da páxina web e nos centros sociocomunitarios, residencias, centros de día e asociacións de maiores

Santiago, 10 de febreiro de 2012.- A Xunta de Galicia vén de poñer en marcha o primeiro decálogo de dereitos das persoas maiores de Galicia, que constituirá a base para o fomento da plena participación social deste colectivo e para promover esta etapa da vida como unha etapa positiva.

A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, presentou este documento ante as asociacións de maiores, universidades sénior, aulas da 3ª idade, e sindicatos que colaboraron na súa elaboración de forma activa.

A partir de agora, o decálogo difundirase a través da páxina web, e distribuirase nos centros sociocomunitarios, residencias, centros de día e asociacións de maiores.

Este documento inscribese na aposta deste Goberno por apoiar as persoas maiores, que representan máis do 22 por cento da poboación de Galicia. Ademais, hai que ter en conta que esta iniciativa en concreto se enmarca dentro do Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013, un documento específico e estratéxico co que se pretende atender as

http://edicionbenestar.xunta.es/opencms/Benestar/Biblioteca/Documentos/Guias/decalogo_web.pdf



necesidades deste colectivo, así como fomentar o seu papel activo na sociedade.

De feito, este plan dedica o seu primeiro núcleo de acción á “promoción de valores e protección de dereitos” e ao deseño de ferramentas e medidas de actuación neste sentido, como o Decálogo de persoas maiores.

Os obxectivos xerais destas actuacións pasan por conseguir mellorar a imaxe social das persoas maiores, promovendo a superación dos estereotipos tradicionais; e garantir a difusión dos seus dereitos e da protección dos mesmos, máis tendo en conta que se trata dun colectivo vulnerable ás actuacións discriminatorias.

A nova carteira de servizos permitirá aos centros ampliar e diversificar a súa oferta a través da acreditación dos recursos

Santiago, 24 de febreiro de 2012.- A nova carteira de servizos de atención á dependencia permitirá aos distintos centros e residencias ampliar e diversificar a súa oferta, xa que a partir de agora poderán acreditar por separado os distintos recursos que prestan (e xa non só o centro en si mesmo). Deste xeito, poderán continuar coa súa actividade, e ademais, incrementar e especializar a súa oferta.

Así o asegurou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante a súa participación nunha xornada técnica de presentación desta ferramenta, organizada por AGARTE (Asociación galega de residencias da terceira idade). Neste sentido, lembrou que este novo modelo naceu precisamente

da colaboración e diálogo coas entidades do sector.

A titular do departamento autonómico precisou que, desde que se poña en marcha, os distintos centros poderán acreditar os seus recursos por separado.

Isto suporá, ao mesmo tempo, un maior aproveitamento dos recursos e, o máis importante, unha notable mellora na calidade da atención dos usuarios. Deste xeito, os beneficiarios poderán acceder a un “menú flexible de servizos”, que lles permitirán contar cun “traxe a medida” para tratar as súas necesidades.

Para conseguir esta atención personalizada, a carteira establece unha distinción entre servizos comúns e específicos. Os comúns

son aqueles destinados ás persoas cunha situación de dependencia que non se deba a un diagnóstico concreto. Serían servizos como teleasistencia, xeolocalización, ou axuda a domicilio.

Por outra banda, están os servizos específicos, deseñados para aqueles cuxa dependencia estea motivada por unha causa determinada como alzhéimer; discapacidade física ou intelectual; dano cerebral; trastorno do espectro autista; ou enfermidade mental.

Tendo en conta estas variables, a carteira permite a concreción das

necesidades e flexibilidade á hora de darlles a resposta máis axeitada. Así, haberá distintos servizos para cada tipo de discapacidade, e servizos concretos para o alzhéimer.

“Isto suporá un significativo incremento da calidade da atención que reciben as persoas dependentes”, subliñou Mato, ao tempo que se trata dun “salto cualitativo que confirma e afianza o traballo en materia de dependencia” que está a realizar a Xunta de Galicia.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Estudios_e_informes/Cartera_de_servizos_dependencia_publicada.pdf



Política social

Feijóo anuncia que a Lei de inclusión social se remitirá ao Parlamento neste período de sesións e avanza maior coordinación co servizo de emprego porque “a mellor inclusión social é a inserción laboral”

- Explica que o novo texto abordará unha modificación da RISGA, que vai permitir loitar contra a cronificación da exclusión e orientar aos máis débiles cara a inserción laboral: por primeira vez, a RISGA será compatible coas rendas dos traballos esporádicos dos beneficiarios da Renda de Integración Social
- Amosa o orgullo da comunidade polo traballo que desenvolven asociacións como a Fundación Once, Cáritas, Cruz Vermella ou Secretariado Gitano, e di que nelas se amosa o valor da entrega, o valor da solidariedade e o valor do inconformismo



Santiago, 14 de febreiro de 2012.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que a Lei de inclusión social se remitirá ao Parlamento neste período de sesións e avanzou maior coordinación co servizo de emprego porque “a mellor inclusión social –dixo– é a inserción laboral”. “Non nos é indiferente o desamparo de ninguén. Un dos proxectos prioritarios dentro do calendario lexislativo que nos temos marcado é a Lei de inclusión social, que forma parte do diálogo social e que nos comprometemos a remitir ao Parlamento antes de que remate o actual período de sesións, co obxectivo prioritario de mellorar a coordinación co servizo público de emprego”.

Deste xeito, e na clausura da Xornada de emprego e colectivos vulnerables; once anos de traballo

no marco do Programa Operativo ‘Loita contra a Discriminación’, do Fondo Social Europeo, Feijóo aseverou que a Xunta “nin quere nin pode ser unha mera espectadora no proceso de inclusión social”.

Con esa filosofía e ese obxectivo, o responsable do Goberno galego explicou que o futuro texto abordará unha modificación da RISGA, que vai permitir loitar contra a cronificación da exclusión e orientar os máis débiles cara a inserción laboral xa que, por primeira vez, a RISGA será compatible coas rendas dos traballos esporádicos dos beneficiarios da Renda de Integración Social.

Actualmente, cando se accedían a traballos de ingresos inferiores á prestación, descontábanse eses ingresos. Coa nova norma, co fin de incentivar

o acceso ao mercado laboral, garátese que no tramo de transición se continúe percibindo a renda ata un límite do 135% do Salario Mínimo Interprofesional e cun descenso progresivo durante seis meses se se continúa no posto de traballo. “En lugar de penalizar a inserción laboral, buscaremos que os máis desfavorecidos teñan incentivos e facilidades para atopar un lugar no mercado laboral”, subliñou Feijóo.

Ao longo da súa intervención, o titular da Xunta amosou o orgullo da comunidade polo traballo que desenvolven asociacións como a Fundación Once, Cáritas, Cruz Vermella ou Secretariado Gitano. “Do mesmo xeito que asociacións

como as aquí representadas complementan a protección oficial aos máis vulnerables, os gobernos tamén teñen que seguir acompañando a labor destas asociacións”.

Feijóo concluíu afirmando que nas tarefas cotiás destas asociacións se amosa o valor da entrega, “de quen dá o mellor de si mesmo sen máis recompensa que o benestar dos demais”; o valor da solidariedade, “que antepón sempre as necesidades dos que máis sofren e teñen máis dificultades”; e o valor do inconformismo, “que asume o labor social como unha tarefa sempre inacabada”.



